

TEMA 18.- O CAMIÑO DA MODERNIDADE: AS ARTES FIGURATIVAS NA 2ª METADE DO S.XIX.

A PINTURA IMPRESIONISTA.

O Impresionismo é un movemento artístico que nace como unha derivación do Realismo, cunha temática similar pero transformando a técnica e a estética. Surxe no derradeiro terzo do s.XIX (anos 70), momento de plenitude da 2ª Revolución Industrial e do gran capitalismo, baseado nos novos adelantos técnicos e nos novos medios de produción.

A nova constante da técnica moderna é o progreso continuo e o cambio a gran velocidade, por iso aparece unha arte baseada na apariencia e na sensación, reflectindo o movemento constante cunha concepción da realidade como algo dinámico e efímero, fronte a representación realista, obxectiva da existencia e da materia.

O gran desenvolvemento urbán fai que a pintura enriquezase con **novos asuntos** como bulevares, estacións de ferrocarril, xardíns..., **relacionados coas cidades como novos centros de cultura do mundo industrial europeo**. As orixes da arte impresionista sitúanse en París, nos anos 60, **nas tertulias dos artistas nos cafés**, onde se teorizaba sobre pintura, **buscando romper cos convencionalismos académicos dos Salóns de Exposicións oficiais**.

Os pintores impresionistas saen a pintar **ó aire libre, ó natural**, experimentando novas sensacións que plasmarán oficialmente e por primeira vez na Exposición de 1874, destacando un lenzo de Monet, "*Amencer do sol. Impresión*", que dará nome ó movemento ante o **rexeitamento e a burla da crítica oficial, que non aceptaba esta nova pintura**.

CARACTERÍSTICAS E BASES DO IMPRESIONISMO.

Pódese falar de tres factores determinantes na aparición do movemento impresionista:

- 1.- A aparición da fotografía. O pintor vai a natureza co seu caballete a captar a luz, ó igual que o fotógrafo o fai coa súa máquina, captando unha instantánea, unha impresión moméntanea.
- 2.- A influencia das estampas xaponesas. Utilización de cores puros e de gran planitude.
- 3.- As novas investigacións sobre a complexidade da luz e a cor. A teoría das cores de Chevreul.

O artista impresionista está interesado en plasmar a apariencia transitoria das cousas, o fluctuante (auga dos ríos, o fume das aglomeracións urbás, os raios de sol reflectidos nas follas das árbores...), buscando captar a sensación cambiante da luz e as vibracións atmosféricas por medio da cor.

A técnica que empregan é a **mistura óptica, sen fundir as cores na paleta aplicándoos directamente na tea, quedando as pinceladas separadas como nun mosaico pero fundíndose na retina do espectador ó alonxarse do cadro**. Para iso aproveitan os descubrimentos do físico Chevreul, sobre o contraste simultáneo das cores, que divididos en primarias (amarelo, vermello e azul) e complementarias (verde, violeta e laranxa), pódense asociar, conseguindo de dúas cores primarias unha complementario (amarelo e vermello=laranxa, amarelo e azul=verde e vermello e azul=violeta). **Os impresionistas conseguen os tons complementarios no lenzo a través de toques próximos de cores primarias**.

O obxecto representado convértese pois nun puro pretexto, en algo desmaterializado pola luz e os efectos atmosféricos. A razón do cadro é a luz e os seus efectos, incluso **as cores teñen a súa natureza en función dela e do seu reflexo sobre os corpos e obxectos**, por iso os pintores repiten series de cadros do mesmo tema a diferentes horas do día.

O resultado de todo este proceso, é unha pintura de toque, baseada nunha pincelada rápida, solta a base de manchas grosas e pastosas, case borrosas.

Os pintores impresionistas foron acollidos polo público con moita maior hostilidade que os románticos, xa que só veían nas súas obras lenzos emborroados, pero co paso do tempo a súa pintura comezou a ser valorada alcanzando unha enorme cotización.

OS PINTORES IMPRESIONISTAS: MANET, MONET, RENOIR, DEGAS.

Son todos eles pintores de orixe francés que aplican a nova técnica, a base de pinceladas fragmentadas e xustapostas onde desaparece o debuxo e se dissolve a materia en partículas ou puntos de cor. **Nos seus cadros reflicten a vida contemporánea** (fábricas, pontes, rúas...), **ou os diferentes ambientes sociais da burguesía** (café, teatros, Óperas), **rompendo cos valores da pintura clásica, e coa imaxe estática o volumen e o claroscuro tradicionais.**

Eduard Manet (1832-83), está considerado o pai do Impresionismo, aínda que **cunha obra de transición entre a tradición e a revolución pictórica**, movéndose entre a ambigüidade e a contradición xa que nunca quixo pertencer ó movemento impresionista.

Nado en París, nunha familia rica e culta, fórmase nun taller académico onde aprende a técnica do debuxo, seguindo a Courbet e **tratando de combinar nas súas obras a tradición clásica renacentista co realismo contemporáneo. O estudo dos clásicos da pintura (Tiziano, Giorgione, Velázquez e Goya) vai a ser decisivo na súa obra**, reflectíndose nos seus dous cadros máis polémicos: "*Olimpia*", e "*almorzo na herba*", ambos de 1863, onde defende "a arte pola arte" e que provocaron un gran escándalo no seu tempo.

Son obras inspiradas en temas clásicos pro cun **tratamento moi contemporáneo que criticaba a hipócrita e puritana moral burguesa, por iso provocaron un gran rexeitamento na sociedade da época.**

"*O almorzo na herba*", é un tributo a Giorgione, ó vello mestre veneciano do Renacemento, e o seu "*Concerto campestre*", de 1510, onde repite o tema da muller espida rodeada de dous cabaleiros vestidos a moda da época. Describe pois un **suceso real, pero cun tratamento moi formal tanto na composición como nas figuras**, inspiradas nun grabado do renacentista Raimondi, **buscando un claro efecto estético, en base ós contrastes entre cores ou manchas de cor puro** (desnudo de tons cálidos do corpo da modelo fronte a tonalidade fría, negra e gris da vestimenta dos homes).

A obra organízase a partir da combinación de asuntos diferentes: bodegón, paisaxe, desnudos, retratos. **Non hai moita relación entre algunha das figuras, importando menos a unidade da composición e o que representa a escena, ou o seu significado, que o tipo de pintura que se quere difundir** (pintura pura). Precisamente a caótica composición e a estrana cor utilizada, explican en parte os motivos da airada reacción de público e crítica.

“*Olimpia*”, foi ainda unha obra máis escandalosa, sendo confinada ó Salón dos Rexeitados trala Exposición de 1865. O tema está inspirado na “*Venus de Urbino*”, de Tiziano, e na “*maja espida*”, de Goya, pero **a súa modernidade foi interpretada por crítica e público como unha apoloxía da prostitución, carecendo a modelo da idealización da Venus renacentista**. O tema é pois moi realista, onde as cores son o fin do cadro.

A influencia da pintura xaponesa obsérvase na utilización de cores puras xuxtapostas, con estranas combinacións (cor negra sobre fondo escuro) e nas figuras planas, ben definidas polo seu debuxo preciso.

A partir de 1870, Manet inicia a súa derradeira etapa pictórica, dentro dun estilo claramente impresionista que manterá ata a súa morte.

Claude Monet (1840-1926), é o artista prototipo do impresionismo, xa que realiza toda a súa obra dentro de ese estilo ó contrario dos seus contemporáneos. É ademáis o creador da 1ª obra considerada impresionista e que da nome ó movemento, producíndose o seu primeiro contacto coa nova técnica pictórica no verán de 1869, na illa da Grenouillere no Sena, lugar moi frecuentado polos bañistas, xunto a Renoir e outros impresionistas, **convertíndose no pintor da natureza sobre o terreo.**

Os seus temas son efímeros e fluctuantes: reflexos luminosos na auga, paisaxes fluviais con embarcacións, a luz solar filtrándose entre as follas ou sobre as vaporosas teas das damas...

En 1872, realiza a súa primeira obra “*Impresión*”, que expón en 1874, constituíndo o auténtico manifesto do movemento, **reflectindo un soleado amencer a través dunha pincelada difusa, baseada en grosas manchas case borrosas, creando unha especie de pintura atmosférica e vibrante.**

No verán de 1874, establécese na pequena localidade de Argenteuil nas beiras do Sena, pintando cadros sobre os barcos de vela e as paisaxes acuáticas, destacando “*as regatas de Argenteuil*”, **onde estuda as distintas condicións atmosféricas e os matices de luz cambiantes nesas paisaxes animados polas embarcacións de regatas.**

Interésalle sobre todo a acción da luz na auga e os seus reflexos sobre a vexetación ou os diversos obxectos, desmaterializándoos. Son cadros de elevada luminosidade, utilizando cores puras organizadas a través de breves pinceladas fragmentadas e xuxtapostas.

Esta festa de cor e luz que Monet recrea nas súas obras, faise tamén evidente nos seus cadros urbáns, como “*a estación de San Lázaro*” ou “*a catedral de Rouen*”, da cal realiza varias series en 1894, **reflectindo a diversidade da realidade en función da súa intensidade lumínica.**

Na súa vellez, Monet pinta “*os nenúfares*”, en varias series de case cen cadros, realizados nos primeiros anos do s.XX (1900-22), reflectindo de novo outra das súas obsesións. **Os estanques inspíranse nunha especie de xardín xaponés que fixera o artista na súa casa de Vigerny e constitúen o seu testamento pictórico.**

Só pinta as prantas aromáticas (ninfeas, nenúfares), **cuxas cores reflíctense na auga a modo de manchas case abstractas** (pura impresión da retina), sen representar o ceo nin o horizonte.

Auguste Renoir (1841-1919), é un representante do impresionismo figurativo, xunto a Degas. Reflicte nas súas obras unha **visión alegre e optimista da vida e un amor polo xénero humano, caracterizándose por un colorido voluptuoso e polos seus desnudos femeninos**, gustando de pintar “diversións”, como festas, bailes e tertulias ou reunións públicas. **Os seus lenzos posúen un acabado brillante** e cheo de transparencias.

A súa pintural é sensual e hedonista, buscando o placer e a felicidade (recorda ó Rococó do s.XVIII), conseguindo unha **perfecta síntese entre figura e paisaxe**. Tras un primeiro período realista, toma contacto cos impresionistas a través de Monet, pintando tamén ó aire libre ata 1883 en que se alonxa do movemento impresionista buscando novos camiños.

A súa obra máis coñecida é “*Le Moulin de la Galette*”, de 1876, que **representa o ocioso mundo dos personaxes parisinos, reunidos para charlar e bailar, nun ambiente popular, de escenas alegres, gozosas e comunicativas**.

A composición é clásica, moi tridimensional e de certa profundidade, coas figuras en varios planos que se dilúen cara ó fondo, fronte a planitude bidimensional do resto dos impresionistas, pero o verdadeiramente importante non é as figuras ou os obxectos, senón a relación luz-cor, verdadeira protagonista do cadro. **A luz unifica ó cadro, altera as formas** (parece revolotear coas faldas, os sombreiros de palla, as árbores, os farolillos do xardín), **cunha cor liberada que estala en manchas intensas de tonalidades puras**, de tons primarios, sobre todo vermellos, amarelos e azuis.

O reflexo instantáneo da luz sobre os corpos faise evidente. Por outra parte, **o espazo da imaxe pictórica acótase con certo descentramento das figuras, e un efecto fotográfico** (punto de nitidez fronte ó resto en difuminado), **cun novo punto de vista en picado**.

En “*desnudo ó sol*”, de 1874, realiza unha **pintura a pleno aire tentando captar os reflexos do sol no corpo dunha rapaza, destacando as diferentes coloracións da pel** según as zonas nas que recibe a luz do sol ou a sombra. **É un cadro hedonista e sensual, no que se busca a unión da figura semiespida coa natureza, cun acabado brillante e pulido do corpo feminino**, desaparecendo as cores vibrantes e pastosos de outros artistas.

Tras o seu viaxe a Italia, na década dos 80, alónxase do impresionismo, **recuperando o interese pola liña e o debuxo que nunca abandonara totalmente, relegando a un segundo plano a paisaxe fronte a forma e a figura humana**. A pesar diso mantén a súa técnica impresionista, aplicando as transformacións da luz ás superficies anatómicas como no cadro de “*as bañistas*”, de 1887, no que rinde culto ós pintores neoclásicos como Ingres, a través dunhas figuras de gran volumen.

Nos seus derradeiros anos de vida volverá a recuperar a pincelada solta e fluida e o protagonismo da cor.

Edgar Degas (1834-1917), é outro dos “impresionistas de figura ou de liña”, **tamén discípulo e admirador de Ingres e os neoclásicos**. Foi o máis anti-impresionista do movemento, **máis preocupado polo debuxo que pola cor, aínda que pinta contornos variables e sinuosos, entrecortados**. **É un pintor de interiores máis que de aire libre**, preferindo a luz artificial de cafés e teatros (luz de “candilexas”) á luz natural.

Pinta temas de bailarinas, ensaiando ou en escena, e carreiras de cabalos, plasmando o fugaz, o movemento e a acción instantánea. A composición nas súas obras é moi innovadora, cun acotamento da imaxe e das escenas que rompe coa tradición, coas figuras principais moi descentradas, onde os límites do cadro son arbitrarios.

Nas súas "*bailarinas no teatro*", ou no seu "*final de arabesco*", de 1876-77, móstranos unha serie de cadros onde **nos descubre os encantos das infinitas posicións das protagonistas, interesándose polo escorzo e o movemento no espazo como si se tratase de planos fotográficos. O artista capta xestos e ademáns momentáneos de gran naturalismo, mostrando unha gran variedade de actitudes** (unhas figuras descansan, outras érguense sobre a punta dos pes, outras inclínanse para recibir o aplauso).

As bailarinas son observadas desde diferentes perspectivas, con cortes bruscos na composición e planos insólitos para a pintura da época (picados e contrapicados).

A ESCULTURA IMPRESIONISTA.

Ainda que o impresionismo é un movemento esencialmente pictórico, nas últimas décadas do século deixou unha profunda influencia noutras artes como na escultura, sendo a súa máxima figura e representante o artista francés Rodin.

Auguste Rodin (1840-1917), é o escultor máis importante do s.XIX, e **representa sobre todo o movemento e os efectos da luz na escultura.**

Busca sobre todo a profundidade nas súas esculturas, a través da multiplicación de planos, cunha técnica impresionista baseada nunhas superficies rugosas, rompendo cos canons académicos e abrindo camino á linguaxe escultórica do s.XX, convertíndose no máximo creador escultórico tras Miguel Anxo e Bernini.

De Miguel Anxo aprende a beleza do inacabado, deixando inconclusas certas partes dalgunhas esculturas, onde a luz ofrece destellos sobre as súas aristas afiladas deixando zonas en sombra (sensacións ou calidades táctiles). **Os temas de Rodin reflicten un maior interese polas pasións e os dramas humanos** que os dos seus compañeiros pintores, máis preocupados pola contemplación pasiva da natureza.

En 1880, o Goberno francés encárgalle un conxunto escultórico para a entrada do Museo de Artes Decorativas de París, realizando unha obra grandiosa pero que quedará inacabada, pasando a converterse algunhas pezas en obras independentes, destacando "*o pensador*", **figura corpulenta, de poderosos pes e mans e cunha musculatura en tensión e un rostro absorto e concentrado que recorda a Miguel Anxo,** contemplando con desesperación o panorama infernal que se estende ante ela.

As súas obras posteriores posúen un carácter simbólico ("*a catedral*", "*a man de Deus*") ou expresionista ("*os burgueses de Calais*").

OS PINTORES POSIMPRESIONISTAS COMO FUNDAMENTO DAS VANGARDAS.

O Posimpresionismo non é ningún estilo pictórico senón máis ben unha revisión do impresionismo, protagonizado a partir de 1880 por unha serie de pintores que reivindicaron a reconstrución da forma, da esencia ou da existencia.

O posimpresionismo móvese dentro dun **contexto histórico marcado polo imperialismo colonial, por iso hai grande interese dos artistas polo exotismo oriental**, dentro dunha época de progreso e de autofirmación da burguesía.

Desde o punto de vista artístico podemos encadrar este movemento pictórico no período que vai de 1885 ata 1907, entre a última exposición impresionista e o ano en que Picasso realiza a súa 1ª obra cubista, *“as señoritas de Avignon”*.

A 1ª Exposición Posimpresionista celébrase en Londres en 1910, destacando as figuras de Cezanne, Van Gogh e Gauguin (xa falecidos), unidos polo seu comezo no movemento impresionista, pero que pronto abandonarán buscando novas e particulares solucións pictóricas.

Dos impresionistas imitan o gusto pola cor, pero escapando da simple reprodución de sensacións e do poder destrutor da luz sobre as formas. A cor convírtese nun instrumento de expresión íntima do artista, deixando de ser un simple signo distintivo das cousas, pero ademais obsérvase nestos artistas unha recuperación do debuxo e da expresividade nas figuras e obxectos.

O POSIMPRESIONISMO: CEZANNE, VAN GOGH, GAUGUIN.

Estos tres artistas fuxen da atmósfera de París en busca de novos horizontes, recuperando a pintura de Manet e iniciando descubrimentos básicos para a arte contemporánea:

Cezanne anuncia o cubismo a través da **reconstrución das formas en volumes esenciais dispostos en planos xeométricos e cores puras**. Gauguin, anuncia o fauvismo e a pintura primitiva **coas súas arbitriedades cromáticas e o seu exótico simbolismo**. Van Gogh, anuncia o expresionismo a través da expresión do seu drama íntimo e persoal e da **distorsión da cor e da pincelada**.

Paul Cezanne (1839-1906).

Cezanne é un artista da mesma xeración cos impresionistas, cos que conviviu e mantivo unha forte amizade, pero a súa labor pictórica é moi distinta, abrindo novos camiños a pintura actual.

Nado en Provenza no seo dunha familia provinciana burguesa, **aprende a pintar con Pissarro que o inicia na técnica impresionista**, pero a partir da derradeira década do século crea o seu estilo propio, tentando facer da arte **“algo sólido e duradeiro como a arte dos museos”**.

Non é un profesional da pintura xa que a súa posición acomodada permítelle librarse da oferta e demanda do mercado, marcando unha posición elitista e estética, fuxindo do sensualismo impresionista e da desmaterialización lumínica, **buscando a construción plástica da realidade (construtivismo)**. **Busca as súas formas esenciais na natureza en base a figuras e corpos**

xeométricos (esfera, prisma, pirámide, cilindro...), **pero o contraste o realiza a través da cor non da liña, unha cor pura, sen gradacións**. Utiliza sombras de cor, renunciando ó negro e o gris (métodos tradicionais de obter sombras).

Pinta temas moi variados: paisaxes da súa terra natal (Provenza), bodegóns (destacan as súas célebres mazáns), e a figura humana (retratos individuais ou en grupo).

Un dos seus bodegóns máis famosos é *“a natureza morta con tarteira”*, de 1879-82, onde **pinta obxectos sinxelos tomados da realidade cotiá como fonte de inspiración das súas sólidas construcións pictóricas**.

A súa obra máis famosa é *“os xogadores de cartas”*, de 1896, onde **obsérvase a súa obsesión polas formas xeométricas, transformando un feito cotián**, o retrato de dous paisanos xogando as cartas, **nunha construción armónica conxugando na composición elementos opostos** (liñas horizontais e verticais) e **cores contrastadas que suliñan volumes e formas, escapando do claroscuro tradicional**. A cor marca a división dos diferentes planos.

As figuras son de gran estatismo, cun riguroso estudo dos seus rostros que indica a concentración dos xogadores no xogo, **parecendo máis ben obxectos ou naturezas mortas fundidas co seu entorno natural** a través da dinámica modulación das cores.

Vincent Van Gogh (1853-90).

Artista de vida apaixonante, reflicte o **prototipo de individuo marxinado e excluído da sociedade, cuxa progresiva toleira condúceo ó suicidio polo seu carácter atormentado**, rebelde, introvertido e inadaptado.

Desde moi novo busca o sentido da existencia, partindo da súa inicial vocación relixiosa, entregándose ó humanitarismo da súa labor misioneira na zona mineira, **pero a súa posición a favor dos desherdados e traballadores explotados motiva a súa expulsión da orde relixiosa, atopando o seu verdadeiro camiño na pintura**.

É pintor por desesperación máis que por vocación, cunha **etapa inicial na súa terra natal holandesa, onde en torno a 1880 realiza obras de tema social, seguindo ós realistas Millet e Daumier, describindo a miseria do campesinado e a súa desesperación con tons sombríos como “ os comedores de patacas”**.

En 1886 vai a París, onde coñece ós impresionistas, de quen aprende o uso de cores claras e a arte de dividir os tons, pero a súa natureza neurótica faino sentirse triste e solitario no ambiente parisino, a pesar da protección do seu irmán Theo, **trasladándose por consello do seu amigo Toulouse-Latrec a Arlés** (Provenza) en 1888, lugar decisivo na súa vida e obra, xa que **alí descubre a luminosidade do ceo e o resplandor amarelo dos campos de trigo do Midi francés, transformando totalmente a súa pintura**.

En Arlés recibe a visita de Gauguin, quedándose a vivir unha tempada con él, **pero as súas frecuentes discusións derivadas da súa diferente forma de entender a arte alónxanos, internándose voluntariamente Van Gogh en un manicomio**, onde a súa soidade non lle abandoará ata a morte, fin da súa loita e anguria persoal.

O seu estilo basease nunha pincelada nerviosa e ondulante e unha cor exaltada, emocional, preferentemente o amarelo, de acordo co seu carácter paixonal e tempestuoso, realizando case toda a súa obra nos dez últimos anos da súa vida, traballando incansablemente, evadíndose do mundo e de si mesmo, como si a pintura fose o seu único consolo vital (“a pintura como acción e loita”).

A cor é pois a súa aliada, xa que transmite os seus constantes cambios no seu estado de ánimo, expresando mensaxes por si mesma; pero xunto a intensa cor da gran importancia a liña, con contornos grosos e escuros en torno ós obxectos que confirman a súa existencia.

Das súas múltiples obras en Arlés e Auvers (“os xirasois”, “o café de Arlés”, “autorretratos”, “os cipreses”, “campos de trigo”, “a noite estrelada”), destaca “a habitación de Arlés”, de 1888, onde mostra o seu dormitorio cun estilo dinámico e tortuoso, introducíndonos nun mundo abstracto, cunha cor estridente, intensa, próxima a “pintura pura, que debe facer sentir”, e unha pincelada vigorosa, grosa e irregular, case frenética, reflectindo a súa impaciencia interior, a súa ira contida.

Os obxectos son inestables, aparecendo torcidos ou con formas ondulantes, fuxindo do efecto de repouso e tranquilidade que quería ofrecer nesta obra. O espazo é claustrofóbico, cunha carga simbólica na cor e nas formas que reflicten a inquietude do artista, suprimindo as sombras, e pintando en zonas planas a través dunha longa e estreita pincelada, cunhas grosas liñas escuras perfilando os obxectos.

Paul Gauguin (1848-1903).

É outro dos artistas non profesionais que vai a revolucionar a arte contemporánea, enfrontándose a sociedade da súa época e evadíndose dela pero non no tempo senón no espazo, fuxindo ó primitivismo de Tahití, e atopando na súa natureza e nos seus indíxenas a verdadeira civilización baseada na existencia dunhas xentes “non adulteradas” polo progreso occidental.

A súa 1ª etapa é impresionista, expoñendo en París grazas o seu diñeiro, pero moi pronto evoluciona cara un “arte de pensamento”, buscando a realidade da súa íntima existencia, do seu propio ser nas civilizacións antigas. Propón rescatar o pasado, pero vivíndoo na súa máxima intensidade, explorando camiños inéditos na pintura, cunha clara tendencia cara ó exotismo.

Tras unha inicial etapa artística en Bretaña, refuxiase na illa de Tahití en Oceanía, creando unha realidade pictórica imaxinada con cores inventadas ou independentes das formas reais. As cores utilizadas son arbitrarias, emocionais, planos e puros, en campos extensos, de gran intensidade e enmarcados en contornos nítidos, seguindo a técnica do “cloisonne”, e inspirándose nos mosaicos medievais e nas vidrieiras ou nas tallas de madeira (esmaltes con cores violentamente contrastadas), sen matizacións ou gradacións de cor nas súas obras.

Nas súas pinturas obsérvase un gran interese pola natureza e as plantas exóticas, cunhas formas moi simplificadas, suxerindo a calma das culturas indíxenas en base a unhas figuras estáticas, pero moi planas cunha luz moi uniforme e abstracta.

É por tanto unha pintura imaxinativa, explicativa que busca a causa e a orixe das cousas e non tanto a súa descrición ou representación como na arte occidental.

Todas estas características pódense apreciar nas súas obras máis importantes, como na realizada en Bretaña, "*despois do sermón*", de 1888, tras a súa viaxe a Panamá e a Martinica, **onde reflicte unha visión ou un soño persoal de índole relixiosa**, a loita de Xacob e o anxo, o una realizada en Tahití, "*o cabalo branco*", onde **mostra grande interés pola paisaxe e unha sensación de calma típica de todas as súas obras.**